



María
Burke

Os recortes continuos repercuten dun xeito especial no persoal laboral

Os recortes que está a aplicar a Administración repercuten dun xeito especial no persoal laboral da Xunta de Galicia, que ve minguido o seu salario amais dunha perda de dereitos importante.

NO 2010 produciuse o primeiro recorte coa redución dun 5% do salario en todos os conceptos da nómina.

No 2011, á conxelación salarial que se aplicou nese ano, seguiu unha conxelación das ofertas de emprego que lle facilitou á Administración o axuste de cadros de persoal.

No 2012 suprimíase a paga extraordinaria de decembro, que vén a supor un 9% de desconto mensual; con isto acumúlase unha perda de poder adquisitivo de máis dun 20%, o que nos fai retroceder moitos anos na nosa retribución.

Aínda que pensabamos que os nosos salarios non podían diminuír máis, a Administración autonómica anuncia a retirada dos complementos das pagas extras que se traducirá na súa diminución nun 40%.

Pero as reducións non só se aplican no salario directo. Estanse producindo unha serie de perdas nas prestacións das que gozabamos, que inciden no que denominamos 'salario diferido'. Unha das reducións notables é a

penalización que sufrimos no caso da incapacidade temporal, marcada pola publicación da Lei de medidas, que ademais anula varios artigos do V Convenio.

Suprimíense os días adicionais de vacacións por antigüidade e redúcense os días de asuntos propios.

Eliminan acordos e pactos de dereitos sindicais.

Desde xaneiro de 2013 desaparece a xubilación especial aos 64 anos.

Presentan a supresión e modificación de

250 prazas de funcionarios non docentes interinos, incluso os que teñen unha sentenza xudicial firme, deixando a todos os CEIP sen persoal auxiliar administrativo.

Ademais, anuncian a amortización de 251 prazas de persoal laboral aplicando a reforma laboral por diminución dos orzamentos, fundamentada en causas económicas e organizativas. Isto é un ERE encuberto en que só participará a Administración sen ter comunicación coa Inspección de Traballo, igual ca en calquera empresa privada.